

Addenda 2018

*“EN DEFENSA DO TERRITORIO  
ANTE OS NOVOS RETOS DO CAMBIO GLOBAL”*

Cando finaliza a segunda década do século e o noso país comeza a superar unha das máis graves crises económicas dos últimos tempos, parece oportuno reafirmar os valores e principios do *Manifesto por unha Nova Cultura do Territorio* de 2006. O territorio é un ben non renovable, complexo, fráxil, con valores ecolóxicos, culturais e patrimoniais únicos que están por riba da súa valoración económica, e que precisa unha xestión responsable e ser planificado de acordo con principios de sustentabilidade dende a esfera pública. Todo isto co obxecto de favorecer o acceso á vivenda, a planificación e o trazado racional das infraestruturas, o desenvolvemento equilibrado dos asentamentos e o fortalecemento e activación do sistema de espazos abertos. A eficiencia económica, a xustiza social e a sustentabilidade ambiental seguen a ser principios esenciais que deben orientar a planificación e xestión do territorio. As mudanzas socio-económicas aceleradas a que asistimos e as grandes transformacións asociadas ao proceso –adoito irracional e fondamente insolidario- de cambio global crean novos retos á xestión do territorio que se deben afrontar de xeito perentorio.

**1. Doce anos de transformacións sociais e territoriais decisivas**

Dende a aprobación do Manifesto, o noso territorio pasou de experimentar unha das etapas de transformación máis radical e irracional polo volume acadado de superficie selada a unha caída brusca da actividade inmobiliaria por mor da fin do “boom” do ladrillo. A recesión económica vivida nos últimos anos viuse agravada no caso español polos efectos financeiros da burbulla inmobiliaria e a súa estreita relación co sector bancario (crise e reordenación das entidades financeiras), o que motivou a decisión do goberno de optar por un rescate millonario, en detrimento da sociedade española, para evitar consecuencias que se temían aínda máis graves.

A xeografía española, en colaboración con outros profesionais do territorio, alertou dos efectos perversos da burbulla inmobiliaria e, nunha addenda ao Manifesto publicada en 2009, da perda de oportunidade que estaban a supoñer os anos de crise para a planificación futura dos territorios con criterios radicalmente distintos dos que presidiron aquel proceso

pola falla de decisión política para desenvolver normativas e activar procesos de ordenación territorial baixo novas visións e obxectivos.

Nos últimos anos véñense producindo unha serie de acontecementos que crean novas realidades e que merecen reflexión e acción para actuar evitando que se cometan os erros que ocasionaron un crecemento irracional da superficie selada, o malgasto de recursos e o deterioro da calidade e do carácter das paisaxes. A evolución recente da economía española, aínda a distancia de superar a crise, amosa signos de mellora que non se plasman no benestar social nin na diminución das desigualdades económicas. Neste contexto, xorden voces dende colectivos relacionados coa transformación urbanística do territorio que identifican a actividade inmobiliaria como vía principal e única para recuperarmos os niveis de crecemento económico e de emprego anteriores á crise económica. Comprobamos con preocupación como amplas capas da sociedade española permanecen ancoradas nestes principios do crecemento económico a calquera prezo, de urbanismo á carta. Agás algunhas iniciativas recentes impulsadas dende a escala rexional e local, segue presente a mesma dinámica de degradación do territorio como xerador de riqueza fácil e especulativa. Non parece, no contexto actual, que a crise económica teña representado un punto de inflexión, unha lección aprendida.

Dende 2006 temos asistido a mudanzas importantes na normativa e procedementos da planificación territorial e na avaliación ambiental estratéxica. Téñense actualizado e mellorado os requisitos necesarios para un desenvolvemento territorial sustentable, recollidos nas lexislacións estatal e autonómica do solo, ambiente e ordenación do territorio, en especial na escala metropolitana. Outra cuestión é o grao de adaptación ás diferentes escalas administrativas, de coordinación entre niveis de goberno e de cumprimento estrito dos procedementos esixidos (paisaxe, auga, riscos, capacidade de carga, infraestrutura verde, franxa litoral), que non resulta satisfactorio en todos os territorios españois. Neste senso é fundamental o compromiso de investimento e esforzo orzamentario que implican estas políticas, así como a axeitada aplicación das tecnoloxías da información xeográfica que as sustentan.

Ben é certo que asistimos a uns anos en que, agás contadas excepcións como estratexias autonómicas de ordenación do territorio ou directrices específicas, ten existido un parón na formulación e aprobación de instrumentos de ordenación territorial. A crise económica e o descenso da actividade inmobiliaria non pode presentarse como causa única e principal desta situación. A falta de iniciativa política axudou, tanto ou máis, á conxuntura. Parece como se a planificación territorial, proceso sempre complexo, “amolase” a política nos últimos anos, que se ve incapaz de activar baixo os novos supostos que implican, incluso, as normativas aprobadas. O necesario avance ante os novos retos converteuse, en moitos territorios, nun retroceso ante a carencia dunha aposta clara polas políticas territoriais.

Por todo isto, como profesionais da xeografía e como cidadáns, consideramos que se debe reiterar a importancia do coñecemento, a ordenación e a xestión do territorio. Este debe ser considerado un elemento básico da estrutura ambiental dos países, o escenario de

desenvolvemento das sociedades, o ámbito de redistribución da riqueza e o benestar, así como a plasmación visible dos principios que deben rexer as sociedades democráticas.

## 2. Un novo pulo para a ordenación racional do territorio

A globalización dos procesos económicos, a mellora das comunicacións, a perda da dependencia do espazo físico como elemento condicionante da implantación industrial e comercial, implica cambios territoriais que van obrigar a repensar a asignación e o propio valor económico de usos do solo. Isto comporta a necesidade dun designio colectivo e un liderado público nos procesos de transformación e ordenación territorial. Esta necesidade debe concretarse en **políticas aplicadas en todos os niveis de escala: municipal, metropolitana, rexional, estatal e europea.**

A planificación de escala supramunicipal resulta especialmente idónea para superarmos as visións locais e de curto prazo da ordenación urbana municipal. Os procesos de “metropolitanización” que se viven, de facto, en moitos territorios, ou a consolidación de grandes conurbacións litorais, non poden ficar no estrito eido de decisión municipal. As administracións autonómicas deben **fomentar procesos de planificación territorial que integren de xeito efectivo as escalas verticais e horizontais e que preserven a conectividade ecolóxica e funcional**, en consonancia cos novos retos que impón a globalización.

A isto únese, como principio reitor das actuacións territoriais nos próximos decenios, a necesidade urxente de **adaptar o espazo xeográfico aos efectos do proceso do cambio climático**, que se manifesta de xeito cada vez máis evidente. É unha obriga colectiva, nun proceso de transición ecolóxica e enerxética, facermos territorios e cidades resistentes e resilientes ao quecemento global onde se primen as formas de mobilidade sustentable e as novas políticas de xestión da auga e produción de enerxía limpa; onde se promova a vitalidade dos territorios rurais sobre a base da súa multifuncionalidade e a súa capacidade produtora de alimentos de calidade, favorecendo a re-conexión entre cidades e espazos periurbanos; e onde se impulse a creación de zonas verdes de ampla extensión e o incremento de arborado nas rúas e prazas na busca do confort climático para a vida cotiá.

Á vista do que indican recentes informes sobre os previsibles e fondos efectos do cambio climático na Europa do Sur para o futuro dos territorios, a adaptación ao cambio climático debe fundamentar políticas e prácticas de planificación ambiental e económica. **O noso país non pode ficar á marxe destes novos procesos de adaptación dos territorios ao quecemento global** que, polo contrario, deben converterse en principios reitores da ordenación do territorio.

Malia a mellora das cifras macroeconómicas e a recuperación dos niveis de gasto e consumo, segue a ser patente a fenda de desigualdade económica existente na sociedade española, agravada nos anos da crise. Os resultados do crecemento da actividade económica non chegaron a todas as capas sociais, en especial ás máis vulnerables e á

mocidade, xerando procesos de segregación social e residencial, bolsas de pobreza e dificultade no acceso á vivenda e aos servizos sociais e sanitarios básicos. O incremento dos alugueiros en pisos e apartamentos que se evidencia en moitas cidades españolas non fai senón agrandar as desigualdades sociais e obstaculizar, aínda máis, o acceso á vivenda de amplas capas da poboación. A **garantía por parte dos poderes públicos do dereito á vivenda** convértese, sen dúbida, no reto principal da planificación territorial e urbanística dos vindeiros anos.

En contraste cos territorios da urbanización, pero de capital importancia para o espazo xeográfico e a sociedade no seu conxunto, urxe a elaboración de **estratexias de desenvolvemento e medidas específicas e urxentes para os territorios rurais de baixa densidade en proceso de despoboamento**, onde a perda de valor económico de algunhas modalidades de agricultura, o deterioro de determinados servizos públicos e un proceso grave de envellecemento demográfico fan difícil o mantemento da poboación, a viabilidade das explotacións agropecuarias e a vitalidade das súas paisaxes. A aposta polos valores ambientais e patrimoniais destes espazos, ligados á súa fundamental misión na produción de alimentos e materias primas de calidade, apoiados con iniciativas ben fundadas de promoción do desenvolvemento local, resultan prioritarias para o futuro destes territorios que tantos servizos ecosistémicos e paisaxísticos aportan á sociedade. A fenda dixital é outro dos temas a considerar aplicando accións, normas e políticas acordes coas necesidades reais destes territorios, onde a dimensión do local -sen recetarios e con verdadeira vontade de solucionar os problemas-, é cada vez máis fundamental.

Diferentes colectivos denunciaron a relaxación existente no cumprimento das obrigas de incorporar estudos e cartografías específicas nos procesos de **avaliación da sustentabilidade ambiental e territorial**, en particular os relacionados cos mapas de risco natural e cos informes de abastecemento de auga (lexislacións do solo estatal e autonómicas) nas propostas de transformación urbanística do solo. Resulta inconcibible, neste novo contexto, a volta, por exemplo, a paradigmas de planificación hídrica baseados na satisfacción permanente de novas demandas, uns postulados que se crían superados, entre outras razóns, polos compromisos adquiridos polas administracións públicas tras a trasposición da Directiva Marco da Auga. A xestión sustentable do territorio debe apostar, como principio irrenunciable, pola xestión da demanda de auga integrada nunha planificación racional dos usos do solo.

A paisaxe preséntase como un instrumento idóneo na planificación territorial e urbanística que permite superar o sistema actual de valoracións parciais do espazo xeográfico e de asignación de usos (categorías de solo), outorgando unha visión global que impida procesos de especulación económica do territorio. A correcta xestión da paisaxe é un indicador da valoración social da calidade do territorio. De aí que sexa necesaria **unha aposta decidida polas políticas da paisaxe y de infraestrutura verde do territorio**, especialmente nos espazos litorais, que se presenta como unha oportunidade de dispoñer de instrumentos de ordenación do territorio máis estruturantes e áxiles que conecten as diferentes escalas

espaciais e os niveis de administración política, cun protagonismo destacado da participación social.

Resulta necesaria a elaboración de **indicadores de seguimento de calidade e sustentabilidade** que permitan avaliar a correcta xestión do territorio. A intelixencia territorial que se engadiu como paradigma na xestión dos espazos xeográficos supón avanzar na planificación sustentable coa aplicación de mecanismos que minimicen o impacto sobre os recursos naturais e no funcionamento das sociedades ante a aparición e expansión de novos usos do territorio derivados do proceso de globalización.

Os novos territorios do cambio global que se están a xestar nos últimos anos **deben incluír a equidade e a xustiza ambiental, a igualdade de xénero, a erradicación da pobreza, a activación do patrimonio territorial e a transparencia nos procesos administrativos como obxectivos fundamentais da súa planificación e xestión**. Neste senso, non pode esquecerse tampouco que o noso país ten un compromiso ineludible co cumprimento dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (horizonte 2030) das Nacións Unidas, cuxos principios e concreción teñen plasmación directa no espazo xeográfico, podendo cumprirse só con medidas de planificación racional e sustentable do territorio.

Afrontamos uns anos fundamentais para os territorios. Lembrando a Vitrubio, os territorios deben ser útiles, belos e sustentables. **Do modo intelixente en que se planifique o seu futuro dependerá o mantemento dos seus valores ambientais e a calidade de vida das sociedades que os habitamos.**

Maio 2018